

BASES DAS AXUDAS ELAS EMPRENDEN E INNOVAN + PARA A ADXUDICACIÓN DE AXUDAS DE GASTOS DE INICIO E INVESTIMENTO

Con data 17 de novembro de 2004 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aproba o Proxecto da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante MAIV) denominado Conta con Elas, cunha contía económica total de 2.713.499,84 euros, no marco da iniciativa comunitaria EQUAL (2ª convocatoria) e financiado nun 75% polo Fondo Social Europeo. Este Proxecto enmárcase no Piar IV: Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres na área temática da segregación no mercado de traballo.

En marzo de 2005 constitúese formalmente a Agrupación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo, agrupación que é a máxima executora da boa e correcta realización das accións planificadas no Proxecto Conta con Elas, sendo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo o organismo público responsable. O Proxecto Conta con Elas desenvolverá accións directas no territorio da Mancomunidade dende agosto de 2005 ata decembro de 2007.

A Universidade de Vigo participa como entidade socia da A.D. Área Metropolitana de Vigo e comprométese a executar parte das accións do Proxecto. Unha das accións que lle corresponde levar a cabo é a denominada Elas Emprenden e Innovan + (Emprende Innova), consistente en axudas de apoio a creación de empresas que se regulan nestas bases:

1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto é a convocatoria de axudas para o apoio á creación de dez empresas innovadoras constituídas ou dirixidas maioritariamente por mulleres no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

O obxectivo é seleccionar 10 empresas creadas entre o 1 de xaneiro de 2006 e 1 de xuño de 2007 e apoiar a súa posta en marcha. Está dirixido a mulleres en sectores en que a presenza en postos de dirección ou como empresarias é inferior á media e empresas que teñan un carácter innovador.

A axuda é para os gastos de constitución - escritura pública, IAE, gastos de lanzamento, gastos de xestión, etc.-, para os gastos de inicio e posta en marcha - compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local, man de obra empregada na reforma ou adecuación do local e maquinaria, publicidade, elaboración da páxina web e subministración-, para os gastos correspondentes á contratación de servizos alleos - asesoramento en materia socio-laboral e xestión de contabilidade- e para investimento inicial cuxo fin é apoiar a creación de empresas innovadoras no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

2. CONTÍA DA AXUDA

O gasto poderá referirse ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 1 de xuño de 2007, ambas as dúas datas incluídas.

A axuda celebrarase en dúas convocatorias, unha primeira en abril-maio de 2007 e a segunda en maio de 2007.

Primeira Convocatoria: ata 10 maio

- 3.500 € para a empresa cualificada en primeiro lugar
- 2.500 € para a empresa cualificada en segundo lugar
- 2.000€ para as tres seguintes empresas

Segunda Convocatoria: ata 1 xuño

- 3.500 € para a empresa cualificada en primeiro lugar
- 2.500 € para a empresa cualificada en segundo lugar
- 2.000€ para as tres seguintes empresas

A suma total das contías de todas as axudas percibidas por este concepto das distintas entidades públicas ou privadas e administracións non poderá superar o 100% do gasto.

O Comité de avaliación dos proxectos resérvase o dereito de agrupar ou dividir as contías das axudas en función da calidade dos proxectos.

3. ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

A actividade que se subvenciona é o investimento total para a posta en marcha de empresas innovadoras constituídas polo menos nun 51% por mulleres ou que representen a maioría dos postos de dirección e como mínimo sexan o 50% da totalidade do cadro de persoal e que desenvolvan o seu labor no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

4. BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias as empresas innovadoras que estean constituídas polo menos nun 51% por mulleres ou que representen a maioría dos postos de dirección e como mínimo sexan o 50% da totalidade do cadro de persoal cuxo prazo de inicio de actividade sexa dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 1 xuño de 2007.

Os proxectos empresariais presentados deberán ter contido innovador nun sentido amplo do termo (innovación tecnolóxica de produto ou proceso; innovación comercial ou innovación organizativa). Tendo en conta que a innovación é un proceso que leva as ideas e o coñecemento ao mercado en forma de novos ou mellorados produtos ou servizos, para adaptarse mellor ás necesidades da clientela.

As empresas deberán presentar unha memoria descritiva do proxecto empresarial, nun modelo que lles facilitará a Oficina de Iniciativas Empresariais (OFIE), anexo II, facendo especial mención tanto a todos aqueles aspectos innovadores, como á comercialización e á viabilidade económica do mesmo.

A empresa desenvolverá a súa actividade no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

A empresa e a traballadora/s formarán parte da base de datos do Proxecto Conta con Elas.

5. PRAZO, SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

5.1. CONVOCATORIA

O prazo de solicitude comezará o día seguinte ao que apareza publicada a convocatoria nun dos diarios de maior tiraxe na MAIV.

1ª Convocatoria: o prazo máximo de presentación de solicitudes remata o 10 de maio de 2007, inclusive.

2ª Convocatoria: o prazo máximo de presentación de solicitudes remata o 1 de xuño de 2007, inclusive.

5.2. SOLICITUDES

As solicitudes das Axudas Elas Emprenden e Innovan + deberán presentarse en soporte informático e en formato papel no Rexistro Xeral da Universidade (Servizos Centrais, campus de Vigo) ou nos rexistros auxiliares de Vigo (Edificio Anexo á EUE Técnica Industrial e EU Estudos Empresarias, rúa de Torrecedeira), do Campus de Ourense (Edificio Administrativo) e do Campus de Pontevedra (EU de Enxeñaría Técnica Forestal) á atención da Vicerreitoría de Relacións Institucionais. A solicitude deberá conter claramente: Axudas Elas Emprenden e Innovan +. O prazo rematará ás 14:00 horas do 10 de maio de 2007 para as empresas cuxo inicio de actividade estea comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de 2006; e ata as 14:00 horas do 1 de xuño de 2007 para as empresas cuxo inicio de actividade este comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 1 de xuño de 2007.

5.3. DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude, anexo I, deben achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do NIF da persoa solicitante cando sexa persoa física ou CIF cando sexa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- b) Copia do último boletín de cotización á seguridade social TC-2/TC-1 ou selo de cotización do réxime da seguridade social de persoas autónomas do último mes; e relación de traballadores e traballadoras da empresa e o seu posto de traballo.
- c) Copia da alta fiscal da empresa na actividade económica
- d) Memoria do proxecto empresarial. Anexo II.
- e) Ficha Emprende Innova. Anexo III.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para a selección dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios e a súa baremación como se indican no cadro:

Criterio	Puntuación máxima	Ponderación
Grao de innovación	10	30%
Viabilidade técnica	10	10 %
Viabilidade económica	10	10 %
Viabilidade comercial	10	10 %
Grao de inserción de mulleres en sectores masculinizados	10	20 %
% de traballadoras	10	20 %

7.-COMITÉ DE SELECCIÓN

Crearase un comité de selección que asumirá a competencia da ordenación, instrución e proposta de resolución do procedemento de concesión da axuda. O citado comité estará formado pola xerente do Proxecto Conta con Elas ou a persoa en quen delegue, polo vicerreitor de relacións institucionais da Universidade de Vigo ou persoa en quen delegue e por unha persoa representante da Ofie -Oficina de Iniciativas Empresariais da Universidade de Vigo- da Fundación Universidade de Vigo. Poderá nomearse a unha persoa suplente por cada titular para que sexan substituídas no suposto da súa ausencia. Este comité reunirse as veces que considere oportunas.

A forma de selección das empresas será en réxime de concorrencia competitiva para cada convocatoria separadamente.

A OFIE emitirá un informe sobre a viabilidade e a innovación da empresas presentadas as Axudas Elas Emprenden e Innovan + da acción Emprende e innova do Proxecto Conta con Elas.

O prazo máximo de proposta de resolución de cada convocatoria por parte do comité de selección será de un mes a partir do último día de presentación de solicitudes.

8.RESOLUCIÓN

A proposta de resolución do Comité de selección seralle elevada ao vicerreitor de Relacións Institucionais, quen resolverá antes do 8 de xuño de 2007 na primeira convocatoria, e do 30 de xuño de 2007 na segunda convocatoria. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor un recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses dende o día seguinte ao de publicación desta resolución no Rexistro Xeral da

Universidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Non obstante, poderán optar por interpor un recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Resérvase expresamente o dereito a declarar a convocatoria deserta.

No momento en que se seleccionen as empresas como beneficiarias da acción Emprende e innova comunicaráselles por escrito nun prazo de dez días. A empresa comunicaralle ao Proxecto Conta con Elas mediante o anexo IV, nun prazo máximo de dez días a contar dende o día seguinte á recepción da comunicación, a aceptación ou renuncia como beneficiaria na acción Emprende e innova das Axudas Elas Emprenden e Innovan +.

Esta resolución acompañarase dun anexo con aquelas empresas solicitantes que resultasen beneficiarias e un listado de reserva, para os casos en que se producisen renuncias, que será publicado no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo e na páxina web do Proxecto Conta con Elas: www.contaconelas.org.

9. OBRIGAS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das empresas beneficiarias, nos termos do artigo 14 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das axudas obxecto da presente convocatoria.
2. Xustificar ante a Universidade de Vigo, entidade responsable desta acción dentro do Proxecto Conta con Elas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o cumprimento dos requisitos e condicións que determine a concesión ou goce da axuda.
3. Custodiar a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas a que se refire o parágrafo anterior e manter a citada documentación actualizada a disposición do Proxecto Conta con Elas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuarán por parte do Proxecto Conta con Elas, así como calquera outras de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicarlle ao Proxecto Conta con Elas da MAIV a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Acreditar que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos que debidamente pasaron as auditorías nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á empresa beneficiaria en cada caso.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e en todo caso durante un período mínimo de seis anos dende a liquidación da subvención.
9. Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
10. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
11. Obter o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitarlles a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa aplicable, en todos os supostos en que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban obter, tratar e comunicarlle ao Proxecto Conta con Elas da MAIV datos persoais de terceiras persoas.
12. Manter o mínimo do 51% de traballadoras ou a maioría de mulleres en postos de dirección e como mínimo sexan o 50% da totalidade do cadro de persoal durante un período non inferior a un ano.

10. XEITO DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento da axuda farase mediante transferencia bancaria que realizará a Universidade de Vigo como entidade socia do Proxecto Conta con Elas responsable desta acción, tras a xustificación por parte da empresa beneficiaria de:

- a) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo concepto de axuda das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades. Anexo V.
- b) Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ao corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- c) Certificación de Facenda da empresa de estar ao corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- d) Certificación de Facenda (Xunta de Galicia) da empresa de estar ao corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- e) Certificado bancario da existencia de conta corrente da empresa en que realizar o ingreso.

Os prazos máximos de xustificación son o 10 de xullo 2007 e o 31 de xullo 2007, para a primeira e segunda convocatorias respectivamente.

11. FINANCIAMENTO E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A concesión desta axuda será compatible coa percepción doutras axudas e/ou subvencións procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que o seu importe sexa de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións, non supere o custo total da actividade.

12.-LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ás bases desta convocatoria son as normas comunitarias aplicables, as normas nacionais de desenvolvemento ou transposición daquelas; a lexislación básica do estado: Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter supletorio á lexislación estatal non básica, á normativa autonómica e demais normas que poidan ser de aplicación.

Vigo, 13 de abril de 2007

Iván Carlos Area Carracedo
O vicerrector de Relacións Institucionais

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS ELAS EMPRENDE E INNOVAN + DA ACCIÓN EMPRENDE E INNOVA DO PROXECTO CONTA CON ELAS.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Dona/Don _____

Domicilio _____ N.I.F. _____

En representación de _____

Con CIF/NIF _____

Domicilio para os efectos de notificacións _____

Teléfono _____ Correo electrónico _____

A persoa solicitante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se engaden son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Memoria do proxecto empresarial. Anexo II.
- Ficha emprende e innova. Anexo III.
- Copia do NIF da persoa solicitante cando sexa persoa física ou CIF cando sexa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- Copia do último boletín de cotización da Seguridade Social TC-2/TC-1 ou selo de cotización do réxime da Seguridade Social de persoas autónomas do último mes; e cadro de persoal da empresa e o seu posto de traballo.
- Copia da alta fiscal da empresa na actividade económica.

A documentación deberá presentarse en soporte electrónico e en formato papel nos rexistros da Universidade de Vigo.

E para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados:

En _____, _____ de _____ de 2007

Asdo.: _____

(sinatura do/a representante)

ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO ELAS EMPRENDEN E INNOVAN +

I. IDENTIFICACIÓN DA PERSOA PROMOTORA.

1. DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos		NIF
Domicilio		CP
Localidade	Provincia	Teléf. fixo Teléf. móbil

2. EXPERIENCIA LABORAL

II. DATOS DA EMPRESA

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

1.1 DENOMINACIÓN E ACTIVIDADE

Nome		
Domicilio	Localidade e Provincia	CP
Actividade que se vai desenvolver e necesidades que pretende cubrir		
Forma xurídica		
Nº de traballadores e de traballadoras		

1.2. ASPECTOS INNOVADORES: cal cre que é a clave de competitividade do produto ou servizo que ofrece a súa organización.

2. PLAN COMERCIAL

2.1. PERFIL DA CLIENTELA A QUE SE DIRIXE O PRODUTO OU SERVIZO

2.2. CARACTERÍSTICAS DA COMPETENCIA E A ESTRATEXIA QUE UTILIZA

2.3. POLÍTICA DE COMERCIALIZACIÓN OU DISTRIBUCIÓN DO PRODUTO OU SERVIZO: medidas acometidas para distribuír, dar publicidade, promover e captar a clientela potencial.

3. PLAN DE OPERACIÓNS

(Enumere as diferentes operacións que deben realizarse no proceso produtivo ou no proceso de prestación do servizo).

4. PLAN DE INVESTIMENTOS E O SEU FINANCIAMENTO

4.1. PLAN DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTO	IMPORTE
Fianzas por arrendamentos de edificios ou locais	
Compra de edificios ou locais	
Traspaso de negocio	
Acondicionamento do local	
Instalacións	
Maquinaria	
Mobiliario	
Ferramentas	
Elementos de transporte	
Equipos para proceso de información	
Leasing (arrendamento financeiro con opción de compra)	
Gastos de constitución e posta en marcha (escritura pública, IAE, gastos de lanzamento, gastos de xestión, etc.)	
Existencias iniciais (primeiras compras de produtos)	
Outros	
TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO (IVE non incluído)	

4.2. FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCEIROS	IMPORTE
Financiamento propio	
Préstamos ou créditos concedidos	
Outras fontes de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO	

5. PREVISIÓN DE RESULTADOS

INGRESOS	IMPORTE
Vendas	
Prestación de servizos	
Outros ingresos (rappells, descontos por pronto pagamento, etc...)	
TOTAL INGRESOS	

GASTOS	IMPORTE
Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos	
Arrendamentos	
Servizos de profesionais independentes	
Transportes	
Primas de seguros	
Subministración (luz, auga, etc)	
Tributos	
Gastos de persoal (salarios, seguros sociais, etc)	
Gastos financeiros	
Dotación por amortización	
Outros	
TOTAL GASTOS	

<u>BENEFICIOS OU PERDAS</u> (Ingresos-gastos)	<u>IMPORTE</u>

6. RENDIBILIDADE ECONÓMICA

(Resuma a valoración global que vostede fai do seu proxecto, tendo en conta o beneficio ou perda reflectidos e a súa influencia nos investimentos iniciais).

7. ANEXOS

(Pode incluír os anexos que vostede estime oportuno sobre o proxecto).

ANEXO III

FICHA EMPRENDE INNOVA AE05

Nome / código da persoa promotora (AP02/AE03)

Código da persoa que a inclúe

RESUMO DA IDEA EMPRESARIAL
Tipo de actividade empresarial:
Forma xurídica prevista :
CNAE:
Servizos ou produtos que vai ofrecer:
Ten elaborado o Plan de Empresa? Si Non
Necesita apoio na elaboración do plan de empresa? Si Non
Situación do proxecto empresarial
<input type="checkbox"/> En estudo
<input type="checkbox"/> En trámites de constitución
<input type="checkbox"/> Outros
Pode considerar a súa idea empresarial como INNOVADORA?
<input type="checkbox"/> Non
<input type="checkbox"/> Si
Grao de innovación:
<input type="checkbox"/> No territorio
<input type="checkbox"/> Na actividade
Data prevista de inicio da actividade:
Concello sede da empresa ou do centro de traballo:
Número de persoas promotoras : mulleres homes
Aceptaría máis persoas socias neste proxecto? Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Número de postos de traballo se deben crear: mulleres homes
Financiamento previsto: propio <input type="checkbox"/> alleo <input type="checkbox"/>
Aceptaría ter unha persoa investidora? Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Entidades /organismos aos que se lles solicitaron e/ou concederon axudas ou subvencións:

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

EMPRESA CREADA: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
CREACIÓN DA EMPRESA:
Nome da empresa:
Data de creación:
Concello sede da empresa ou do centro de traballo:
Número de persoas socias externas ao Proxecto Conta con Elas: mulleres homes
Nome / código das persoas socias pertencentes ao Proxecto Conta con Elas:
Forma xurídica
CNAE:

BAIXA DO PROXECTO:
Data da baixa:
Motivo da baixa:
<input type="checkbox"/> Non existen persoas vinculadas á idea:
<input type="checkbox"/> Idea inviable:
<input type="checkbox"/> Abandono da idea:
<input type="checkbox"/> Outras:
Xustificación da baixa:

AXUDAS:

SEGUIMENTO DE EMPRENDE INNOVA

DATA	ASUNTO	PERSOA CONTACTO	MODO	OBSERVACIÓNS

ANEXO IV

MODELO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Dona/Don _____ con DNI _____
en calidade de representante ou persoa promotora.

ACEPTA

RENUNCIA

beneficiarse das Axudas Elas Emprenden e Innovan + da acción Emprende e Innova do Proxecto Conta con Elas

MOTIVOS: (cúbrase opcionalmente)

E para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados:

En _____, _____ de _____ de 2007

Asdo.: _____

(sinatura do/a representante)

ANEXO V

DECLARACIÓN DE AXUDAS PÚBLICAS

Dona/Don _____ con DNI _____
en calidade de representante ou persoa promotora.

DECLARO

- Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas e/ou privadas para este proxecto.
- Ter solicitado ou percibido subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes e/ou entidades privadas para este proxecto polos conceptos que se indican:

CONCEPTO DA AXUDA	SOLICITADA/ CONCEDIDA/ PERCIBIDA*	IMPORTE (euros)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADES PÚBLICAS E/OU ENTIDADES PRIVADA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente todas as axudas solicitadas ou obtidas, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En _____, _____ de _____ de 2007

Asdo.: _____

(sinatura do/a representante)

*Indíquese o que corresponda